



# OS PETRÓGLIFOS No MONTE GALINEIRO



C.E.I.P. "ESCUPTOR ACUÑA"  
VIGO.



## ÍNDICE

Que son os petroglifos.....	3
Quen os fixo.....	4
O Monte Galiñeiro.....	4
Petroglifos do Monte Galiñeiro- Vincios(Gondomar).....	8
Mámoas.....	13
Bibliografía.....	14

## **QUE SON OS PETROGLIFOS?**

Son deseños simbólicos feitos na rocha desgastando a capa superficial das rochas.

A palabra ven do termo Petros (pedra) e Glyphein (tallar).

O seu uso como forma de comunicación remontase ao ano 10.000 a.C e pode chegar ata tempos modernos nalgunhas culturas.

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO « Pola defensa da Serra do Gali...

<http://serradogalinheiro.wordpress.com/patrimonio-arqueoloxico/>



**Seixiños Brancos**

## **QUEN OS FIXO?**

Foron feitos polos nosos antepasados prehistóricos do Neolítico, son o máis próximo antecedente dos símbolos previos a escritura.


Os petroglifos aparecen en rochas ao aire libre. Na nosa zoa hai moitos, especialmente na Serra do Galiñeiro e na Serra da Grova.


As armas que aparecen representadas nos petroglifos galegos son iguais que as británicas e bretonas, posto que se sabe ca alabarda ten a súa orixe na Península, estas semellanzas poderían amosar unha relación entre antigos pobos do occidente europeo.

## **O MONTE GALIÑEIRO**

O Monte Galiñeiro atópase no municipio de Gondomar, no seu límite cos concellos de Vigo e O Porriño.

A Serra do Galiñeiro mide uns 8 km de punta a punta, sendo os principais cumes o Galiñeiro (705 m) e San Xulián (631m). O NE da Serra, atópase o lugar nomeado Virxe das Neves, con presenza de mámoas e un castro. Ó NO atopamos a zona de Auga da Laxe e Seixiños Brancos e seguindo ata o sur chegamos ata as Chans de Prado ; unha zona con mámoas e gran cantidade de petroglifos entre os que destacan os catro grupos de Auga da Laxe.





**PETROGLIFOS DO MONTE GALIÑEIRO-VINCICIOS(GONDOMAR).**

As figuras que se ven son as seguintes:

Monte dos Pozos:

Muíños de man.



AS PENISAS PEQUENAS

Muíños de man.



## Santa Lucía:

Círculos concéntricos, covañas, cazoletas, sucos, cruciformes e muíños naviculares ou rupestres. Tamén había unha rocha con alabardas, pero hoxe en día atópase sepultada baixo o picadeiro de cabalos.



**Muíños naviculares. Sucos realizados dixitalmente.**

## Auga da Laxe:

Son coñecidos como a estación de arte rupestre máis importante do noroeste da Península. Foron gravados na segunda metade de Bronce I ata o comezo de Bronce II.

Son catro rochas nas que aparecen representadas alabardas consideradas as de maior tamaño de toda Europa, puñais, espadas; unha delas de 82 cm de lonxitude, e ídolos escutiformes.

No ano 2002 o periódico Faro de Vigo, publicaba que os petroglifos de Auga da Laxe corrían perigo de destrución polas prospeccións mineiras dunha canteira.



Auga da Laxe



## Monte dos Arruídos:

Muíños rupestres ou de man.



Auga da Laxe. Muíño rupestre.

## SEIXIÑOS BRANCOS

### Cova da Raís:

Nunha parede dentro da cova hai cruciformes e un cáliz. Estes son petroglifos modernos.

Na serra do Galiñeiro hai máis petroglifos pero non están na parroquia de Vincios.

## MÁMOAS

Nas proximidades de Auga da Laxe atópase un campo de mámoas, formado por tres túmulos situados a 460m de altitude nunha penechira con presenza de grandes batolitos graníticos.

A *mámoa 1* ten uns 20m de diámetro por 1m de altura, parece ser un dolmen de corredor.

A *mámoa 2* está a uns 30m ó SO da anterior, cun diámetro de 15m por 1/2m de altura. Estrutura de cista.

A *mámoa 3* localízase a uns 10 m cara o SO da mámoa 2. O túmulo mide 14m por 1/2m de altura.

As mámoas 2 e 3 debido o seu escaso tamaño e o sinxelo da súa estrutura, puideron corresponder a un Megalítico tardío, quizais do Calcolítico ou incluso posterior. Non hai datación con Carbono-14 polo que non se pode precisar a súa antigüidade que iría do terceiro ó primeiro milenio a c.



Auga da Laxe

## **BIBLIOGRAFÍA**

Internet: Más que petroglifos, celtiberia.net, wiquipedia, Google imágenes

Judith B.

Samuel C.C.

Joel V.

Anxo D.P.

Antón D.

O S

P

E

T

R

O

G


L

A

O

S

no monte  
Galileo



66